

ESCENA XOGRARESCA

Devagar, a pousadeira foi apagando as candeas que alumeaban a sala, a escuridade apropiouse do local e as conversas baixaron de ton, ata que reinou un silencio expectante. A portíña abriuse para deixar paso a Fadhila, que sostiña un candelabro. Tras dela xurdiron as siluetas dos xogres Xoán e Nuno, que se situaron a ambos os lados da muller. Xoán levaba unha cítola e Nuno un tambor. A faciana de Fadhila estaba deformada polo lume das candeas e os rostros dos seus compañeiros agochábanse nas tebras. A mouroa pousou o candelabro no chan e ergueu os brazos. Nese intre principiou a percusión, cun ritmo sincopado e suave, que ela acompañaba co movemento sinuoso das súas cadeiras. Despois, da cítola saíu un laio melancólico e Xoán empezou a cantar.

*Mia madre velida, e non me guardedes
d'ir a San Servando, ca, se o fazedes,
morrerei d'amores.*

*E non me guardedes, se vós ben hajades,
d'ir a San Servando, ca, se me guardades,
morrerei d'amores.*

*E, se me vós guardades d'atal perfia
d'ir a San Servando fazer romaria,
morrerei d'amores.*

*E, se me vós guardades, eu ben volo digo,
d'ir a San Servando veer meu amigo,
morrerei d'amores.*

A voz do xogar era fermosa e o público admiraba aquela estraña lingua que procedía dos reinos occidentais. Os clientes escoitaron atentamente e cando a cantiga rematou, estalaron en aplausos e gritos de xúbilo.

—*Güena nuei* -saudou a bailarina en aragonés, e logo continuou cun lixeiro acento mourisco-. Agradecemos a vosa ovación. Para quen non me coñeza, chámome Fadhila. Os meus acompañantes veñen de moi lonxe, dunha terra verde e húmida onde os espíritos vagan na bruma mariña. Queremos dedicarlle a seguinte canción a Fortunata, que todos os anos nos recibe igual de ben.

—Viva Fortunata! -berrou alguén entre o público cunha voz augardentosa, e deseguida todo o local coreou o nome da propietaria.

Fadhila alzou os brazos esixindo silencio e foi buscar algo detrás do escenario. A pousadeira acendeu as candeas que estaban apagadas e Nuno cambiou o tambor por unha frauta. Os músicos proseguiron o concerto, esta vez sen canto, e da porta do almacén saíu Manrique realizando malabares con varias bólas de madeira de cor amarela. Pola súa banda, Fadhila executaba o mesmo exercicio, pero con bólas verdes. Pasados uns intres situáronse un fronte a outro e deron en intercambiarse as esferas, creando un circuíto de dúas cores.

—Iso é moi aburrido! -berrou Máximo, que aparecera en escena acompañado da macaca Ximena, tirando do público numerosas exclamacións. Manrique continuou os malabares só coas súas bólas amarelas e axeonllouse. Máximo tomou carreira e deu un chimpó poñendo os seus pés sobre os ombreiros do leonés. Soportando o peso do anano, que gardaba con destreza o equilibrio, o home púxose en pé. Máximo sacou dunha faldriqueira varias mazás vermellas e acompañou os malabares de Manrique. De cando en vez, a mona Ximena gabeaba pola torre humana e roubaba unha das froitas, apañándoa no aire e coméndolle un cacho, o que provocaba a hilaridade dos presentes.

A medida que pasaba o tempo, o espectáculo íase complicando. Primeiro Manrique e Máximo mesturaron as súas bólas e mazás, e logo integraron a Fadhila no xogo. Cando estableceron o circuito entre os tres, Xoán e Nuno aceleraron o ritmo da música e os clientes comezaron a acompañalos con palmas ata que remataron a unha velocidade vertixinosa. Ao acabaren a actuación, houbo un estalido de aplausos e berros. A compañía sabía manexar o entusiasmo do público, como estaban a comprobar encantados os donos, que atendían a crecente demanda de xerras de viño.

Terminados os malabarismos, os dous xograres ficaron sós no escenario e iniciaron un repertorio de cantigas obscenas que sempre facía as delicias dunha audiencia cada vez máis embriagada en emocións e alcol. Desta volta, cantaba Nuno.

*A um frade dizem escaralhado,
e faz pecado quem lho vai dizer,
ca, pois el sabe arreitar de foder,
cuid'eu que gai é, de piss'arreitado;
e pois emprenha estas com que jaz
e faze filhos e filhas assaz,
ante lhe dig'eu bem encaralhado.*

Malia tratárense de cancións galegas, os termos sexuais eran ben coñecidos en todos os reinos. As gargalladas e as risas estridentes demostraban que os seareiros da Fortunata gozaban plenamente do concerto, acompañando as melodías coas cuncas de viño que batían contra as mesas. O ambiente caldeábase por momentos e Xoán pasou a interpretar unha cantiga de maldicir de feitura propia, non sen antes preguntar se don Domingo Caorinha e a soldadeira Marinha se atopaban entre os presentes.

*Don Domingo, non podedes
dos calções,
que con a pissa tragedes
a Marinha per paixões,*

A velada seguía quecendo. Xoán e Nuno interpretaron dúas cantigas máis e remataron entre aplausos.

—Benqueridos amigos —anunciou Fadhila-. Despois destes *piadosos* cantares procedentes da nosa terra, ímosvos presentar o noso convidado desta noite: o duque de Porcoña en persoa!

No medio da risa xeral, Máximo apareceu en escena, vestido cunha capa vermella,

agarrando un tambor e portando na cabeza unha cacheira de porco. Fadhila axeonllouse e comezou a emitir un son agudo e constante, similar ao dun cocheiro na mata, mentres movía compulsivamente as súas guedellas negras e rizadas de esquerda a dereita. O anano empezou a bater a percusión moi forte e a un ritmo endiañado. Xoán e Nuno tocaban a frauta e a cítola, tirando uns acordes sinxelos e rápidos.

Os artistas percibiron o ruído de mesas e bancos que se movían. Algúns clientes ebrios erguéranse e achegáranse ao escenario. Non deixaban de rir perante a irreverente escena e rodaban polo chan entre espasmos. De súpeto, os músicos encontráronse acurralados entre a parede e dous grupos de borrachos: uns danzaban ao son da frenética música e os outros gritaban: «Collede o duque porcón!» Os máis bébedos tentaban agarrar a Máximo e quitarlle a cacheira que usaba de máscara, mais este escorrentaba entre as súas pernas. A patroa e o seu marido advertiron as miradas inquedas que se intercambiaban os artistas e asustáronse. De socato, Máximo saíu voando polos aires guindado por algún dos borrachóns. O malabarista enmascarado de cocheiro aterrou sobre unha mesa, derribando pratos, xerras e cuncas. Os clientes alí sentados erguéronse dispostos a vingar aquela afronta e loitar contra os agresores. A música cesou, os artistas correron a protexerse nunha esquina do local e varias espadas desenvaiñáronse.

A arte de trovar – Santiago Lopo